

# PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (CONCRECIÓN)

Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG do mércores, 21 de decembro de 2011)

IES FERNANDO WIRTZ SUÁREZ

CURSO 2022/23

## **1. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO**

No marco do decreto que regula este documento a atención á diversidade se define como o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. Estas medidas implican a toda a comunidade educativa e deben concretarse en propostas curriculares e organizativas que contemplan a pluralidade de todas e cada unha das alumnas e alumnos.

Igualmente o concepto de alumnado con NEAE será aquel que requira unha atención educativa diferente da ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, polas súas altas capacidades intelectuais, por terense incorporado tarde ó sistema educativo, ou por condicións persoais ou de historia escolar, para que poidan acadar o máximo desenvolvemento posibledas súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.

O presente documentro concreta as medidas específicas para o presente curso en relación ás medidas de atención á diversidade.

### **1.1. Necesidades educativas especiais.**

Alumnado valorado polos equipos ou servizos de orientación educativa que require por un período da súa escolarización ou ó longo de toda ela, determinados apoios e atencións educativas específicas derivadas de discapacidade ou trastornos graves de conduta.

### **1.2. Dificultades específicas de aprendizaxe.**

Alumnado con trastornos específicos do desenvolvemento da aprendizaxe escolar da lectura, a expresión escrita, o cálculo e outros trastornos non especificados. Non inclúe o descoñecemento da lingua de instrución.

### **1.3. Altas capacidades intelectuais.**

Alumnado que recibe atención educativa a través de medidas específicas: adaptacións curriculares de profundización ou de ampliación do currículo, flexibilización do período de escolarización, e/ou participa en programas extracurriculares de enriquecemento.

- Superdotación: manifestación de altas habilidades intelectuais (superiores á media), elevado nivel de compromiso coa tarefa e altos índices de creatividade.

- Talento: elevada capacidade ou habilidade para a realización moi exitosa de certas tarefas ou *actividades*.

#### 1.4. Incorporación tardía ó sistema educativo español

Alumnado procedente doutros países nun curso determinado, pertencente as ensinanzas obrigatorias, con descoñecemento dalgunha das linguas oficiais, con ou sen desfase curricular.

#### 1.5. Especiais condicións persoais ou de historia escolar

Alumnado con trastorno da linguaxe expresiva, mixto(da linguaxe receptivo-expresiva), fonolóxicos e da comunicación non especificados; o atraso madurativo neurolóxico e psicolóxico (discrepancia significativa entre o desenvolvemento psicolóxico e a idade cronolóxica en idades inferiores a 14 anos); o alumnado con descoñecemento grave da lingua de instrución (non por incorporación tardía e que recibe un apoio educativo complementario) e o alumnado en situación de desvantaxe socio-educativa (presenta desfase curricular significativo- dous ou máis cursos-).

## 2. DESCRIPCIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE NO PRESENTE CURSO

As medidas de atención á diversidade constitúen aquelas actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado.

### 2.1. Medidas ordinarias

- Adecuación da estrutura orqanizativa do centro: espazos, horarios, agrupamentos, organización e xestión de aula. Estas actuacións estableceranse de acordo cos principios de normalización, inclusión, promoción da convivencia, igualdade de oportunidades e interculturalidade. No presente curso ademáis terase en conta a situación epidemiolóxica, establecendo como prioridade os grupos estables, evitando na medida do posible a interacción entre grupos.
- Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado. Nas programacións didácticas as xefas e xefes de departamento concretarán os elementos establecidos segundo a normativa vixente. Así mesmo cada profesora e profesor, dende a súa materia, adaptará a programación do seu departamento ás peculiaridades de cada grupo.
- Reforzo educativo. Medida que atende ás dificultades do alumnado xurdidas nun momento do proceso educativo e que, mediante pequenas modificacións nos elementos prescritivos do currículo, pode seguir o proceso ordinario de ensino- aprendizaxe. Levarase a cabo dentro da aula ordinaria e por parte da profesora ou profesor de área.
- Programas de enriquecemento curricular. Destinados a alumnas e alumnos que presentan un nivel de competencia curricular superior ao seu grupo de referencia. Levarase a cabo, de xeito ordinario, por parte da profesora ou profesor de área de dentro da aula.
- Desdoblamento de grupos. Medida organizativa que permite desdobrar un grupo e así poder prestar unha atención individualizada ao alumnado.
- Programas de recuperación. Os departamentos didácticos elaborarán programas de recuperación destinados ás alumnas e alumnos con materias pendentes.
- Programas de habilidades sociais. Realizaranse co alumnado talleres e actuacións encamiñadas a traballar aspectos relacionados cocomñecemento e control das emocións coa finalidade de mellorar a calidade das relacións sociais e resolver ou prever dificultades nas

súas relacións cos demais. Enmárcase dentro desta actuación o programa de mediación escolar.

- Exención da 2ª Lingua estranxeira. As alumnas e alumnos que presenten claras dificultades no proceso de aprendizaxe, e en particular na área de lingua, estarán exentos da 2ª Lingua estranxeira e recibirán reforzo educativo nesas horas.
- Permanencia un ano máis no curso. Medida previa a calquera posibilidade de medida extraordinaria, e cun máximo de dous na etapa.

## 2.2. Medidas extraordinarias

- Adaptacións curriculares. Precisan avaliación diagnóstica efectuada polo departamento de orientación a petición do profesore ou profesora de área que será o encargado de elaborar a proposta curricular en colaboración do profesorado de apoio e o asesoramento do DO.
- Apoio do especialista en Pedagogía Terapéutica e profesorado que desempeñe labores de apoio. As intervencións específicas serán propostas polas profesoras e profesores da materia obxecto, valoradas polo departamento de orientación. Levaranse a cabo dentro ou fóra da aula ordinaria. No caso do apoio fóra da aula, os grupos non serán de máis de tres alumnos e sempre do mesmo grupo de referencia.
- Programas de Mellora da aprendizaxe. No presente curso contamos co primeiro curso de PMAR.
- Programa de Diversificación Curricular. No presente curso contamos cun grupo de dous cursos en 3º da ESO.
- Agrupamento en 4º da ESO. Os destinatarios son alumnos que proceden do grupo de PMAR e alumnado repetidor de 4º da ESO:
- Programas de Formación Profesional Básica. O centro oferta un programa de formación profesional na modalidade de Informática e Comunicacions.

## 3. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS, ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS.

- Reunións de departamentos didácticos.
- Reunións do departamento de orientación.
- Reunión de coordinación para a acción tutorial.
- Reunións entre titores, orientador/a do centro adscrito e orientador/a do centro para organizar o intercambio de información, a acollida e incorporación das novas alumnas e alumnos, coordinado polas correspondentes xefaturas de estudos.
- Reunión entre orientador e profesorado de apoio, para concretar e desenvolver o programa de traballo e seguimento de casos.
- Sesións de avaliación inicial e trimestrais coordinadas polas titoras e titores e xefatura de estudos.

#### 4. CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO.

##### Canles de colaboración cos servizos externos ao centro

A diversidade do noso alumnado precisa da intervención e colaboración de servizos externos.

- Equipos de Orientación Específicos aos que solicitar colaboración para desenvolver as funcións do Departamento de Orientación (avaliación psicopedagóxica de alumnado, orientacións sobre modalidades de escolarización, metodoloxías, recursos...) segundo demandas e necesidades.
- Inspección Educativa, que autorizará e asesorará sobre as medidas de atención á diversidade.
- Servizos Sociais do Concello, solicitando a súa intervención a través das canles establecidas nos protocolos creados ao efecto ( absentismo escolar, situacións socioeconómicas desfavorecidas, de marxinalidade ou risco social).
- Servizo Galego de Saúde. Solicitarase colaboración no diagnóstico de casos e en problemáticas sociais específicas, empregando para o protocolo de derivación aconsellado polo equipo específico.
- Asociacións sen ánimo de lucro (ACCEM, Cruz Vermella, AMIGÓ...)
- Centros ou entidades que colaboren na inserción profesional do alumnado ( Centro Municipal de Emprego).

##### Canles de colaboración coas nais e pais

Para promover a implicación das nais, pais ou titoras e titores legais do alumnado realizaranse as seguintes actuacións:

- Información inicial ao comezo do curso via telemática para facilitar información sobre a organización e funcionamento do centro.
- Entrevistas periódicas preferentemente telefónicas, salvo casos debidamente xustificadas, ao longo do curso para seguimento académico e persoal dos alumnos.
- Información a través da páxina web do instituto.

A Coruña, a 12 de setembro de 2022

A Xefa do Departamento

Asdo.: M<sup>a</sup> José Seoane Sánchez



